



24 de setembro de 2021

Estimadas familias:

Antes de nada quixéramos desexarvos un bo comezo de curso 2021-2022. Esta sendo un ano cheo de cambios e adaptacións á situación sanitaria de cada momento, polo que esperamos que este curso se inicie do mellor xeito posible.

Tras estudar e traballar os protocolos establecidos polo centro, acordamos co Club ofertar para este curso unha combinación de actividades culturais e deportivas en días alternos que garanticen a variedade das mesmas no horario de mediodía para o alumnado que fai uso do comedor.

Deste xeito, o calendario e horario das actividades culturais para **5º e 6º de Educación Infantil para o mediodía** será o seguinte:

5ºEI: Luns e mércores de 14:00 a 15:00.

Venres de 13:45 a 14:30.

* Martes e xoves de 14:00 a 15:00 haberá Educación Física de base (Club).

6ºEI: Martes e xoves de 14:00 a 15:00.

Venres de 13:45 a 14:30.

* Luns e mércores de 14:00 a 15:00 haberá Escola Deportiva (Club).

Do mesmo xeito que fixemos o curso pasado, para os **venres** plantexamos unha actividade que permita aos nenos e nenas poder asistir á actividade de Psicomotricidade en patíns se así o desexan, e tamén dar cobertura a aqueles que saen do centro ás 14:30. Levar a cabo estas actividades dependerá do número de inscricións que se efectúen dentro de cada grupo estable - burbulla.

O funcionamento das actividades culturais do mediodía será semellante ao curso pasado, facendo rotacións periódicas que acheguen aos nenos e nenas que asistan multitude de disciplinas ensinadas polos nosos educadores especializados.

Para lembraros en qué consiste cada actividade das rotativas, a continuación deixámosvos unha breve descrición de cada unha delas:



- **CONTACONTOS.**

Taller que invita a descubrir diferentes relatos a través da narración de contos e lendas, buscando a participación activa e facendo un percorrido por diferentes temáticas e autores que axuden a deixar voar a súa imaxinación, introducindo aos nenos e nenas en innumerables aventuras.

- **CRAFTS.**

Esta actividade basarase na combinación de narración de relatos cunha manualidade posterior relacionada coa historia contada.

No transcurso de esta actividade introduciremos pequenos conceptos e vocabulario en inglés, así como buscaremos reforzar os xa adquiridos nas aulas.

- **A FÁBRICA DE PLANS.**

Nesta fábrica traballaremos a imaxinación en equipo, plantexándolles varias actividades cada día para que eles mesmos decidan cal será o seu plan. A partires aquí falamos, escoitamos e tomamos decisións conxuntas. Traballamos a expresión corporal, a comunicación e a creatividade en aventuras que comezan cun intercambio de ideas e rematan cun sentir común.

Cada clase é un descubrimento novo dunha isla, unha viaxe nova, unha nova aprendizaxe.

- **CULTURARTE.**

Trátase dunha proposta educativa de parte do profesorado da EMCM que engloba diferentes manifestacións artísticas dende unha perspectiva lúdica, de forma que incentiven o gusto e o interese pola multitude de formas artísticas que compoñen o noso mundo.

As sesións serán variadas e terán como pilar fundamental o xogo. clase é un descubrimento novo dunha isla, unha viaxe nova, unha nova aprendizaxe.

- **PITURA E DEBUXO.**

O seu obxectivo é lograr dotar dunhas nocións básicas de debuxo e pintura ao alumnado, a partir das cales vaian formando unha base que lles permita manexar e aumentar os seus coñecementos.

- **¡XOQUEMOS!.**

Esta actividade busca promover os xogos tradicionais nun marco actual, adaptados as necesidades tanto de espazo como materiais que se poden empregar nos nosos días. A idea é que, dun xeito indirecto e divertido, os nenos e nenas traballen diferentes aspectos do seu desenvolvemento.

Con estas sesións buscaremos fomentar unha actitude positiva ante os xogos que non dependan de tecnoloxías ou outros elementos, favorecer a cooperación e o respecto, creando así un ambiente divertido e variado.



Os **prezos** das actividades rotativas serán os seguintes:

1 día: 10€/mes.

2 días: 20€/mes.

3 días: 30€/mes.

4 días: 38€/mes.

5 días: 42€/mes.

A actividade que oferatmos para as tardes será **BAILE E EXPRESIÓN CORPORAL**:

Nesta actividade o alumnado desenvolverá dous campos estreitamente relacionados entre sí.

Por unha parte os nenos e nenas traballarán aspectos cognitivos do movemento, analizando o cómo e o por qué das súas accións.

Por outra, no lado afectivo buscaremos o achegamento e gozo do alumnado por medio da mímica, a danza libre e a expresión corporal, buscando sempre potenciar a autoestima e a expresión artística.

Os horarios para esta actividade serán:

5º de E.I : Luns e mércores de 17:30 a 18:30.

6º de E.I: Martes e xoves de 17:30 a 18:30.

O prezo desta actividade de Baile é de 20€/mes.

A actividade de **INGLÉS** presenta os seus horarios e prezos ao final da presente circular.

Pinchando [aquí](#) accededes ao formulario onde poderedes realizar as vosas inscricións, tanto para as actividades do mediodía como para as tardes, así como para a actividade de Inglés.

Por último, agradecervos a vosa confianza un ano máis e lembravos que estamos á vosa disposición para resolver calquera dúbida que precisedes resolver no correo cultura@ampaciamaria.com

Un agarimoso saúde,



INGLÉS

Grupos de Educación Infantil y Primaria: Grupos burbuja por clases. Un mínimo de 6 niños de cada clase necesario para abrir grupo.

ENGLISH PLAYTIME

5ª E. Infantil: martes y jueves: 13:30 a 14:30

6º E. Infantil: lunes y miércoles: 13:30 a 14:30

CAMBRIDGE YOUNG LEARNERS (STARTERS y MOVERS A1)

1º E. Primaria: martes y jueves 13:30 a 14:30

2º E. Primaria: lunes y miércoles 13:30 a 14:30

3º E. Primaria: martes y jueves 17:30 a 18:30

13:30 a 14_30

4º E. Primaria: lunes y miércoles 17:30 a 18:30

13:30 a 14_30

CAMBRIDGE FLYERS & KEY ENGLISH TEST (KET A2)

5º/6º Primaria: lunes y miércoles 14:50 a 15:50

5º/6º Primaria: miércoles y viernes 14:50 a 15:50

CAMBRIDGE KET & PET (PRELIMINARY ENGLISH TEST B1)

1º/2º ESO: miércoles y viernes 14:50-15:50

1º/2º ESO: martes y jueves 14:50 a 15:50

CAMBRIDGE PET & FIRST (B2)

3º/4º ESO: martes y jueves 14:50-15:50

CAMBRIDGE FIRST & ADVANCED (C1)

1º/2º BACH: martes y viernes 14:50 a 15:50

COSTE ACTIVIDAD:

INFANTIL y PRIMARIA - 48€/MES

ESO y BACH – 58€/MES

Dudas y modificaciones en las inscripciones a secretaría@ciamariacoruna.org